

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 27 de decembro de 2022 pola que se modifican determinados anexos da Orde do 21 de xuño de 2006 pola que se regulan procedementos de xestión recadatoria e a actuación das entidades colaboradoras e da Orde do 10 de decembro de 2019 pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas cuxa xestión ten atribuída a Axencia Tributaria de Galicia, como consecuencia da aplicación do imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos (Idires).*

A Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, creou un novo imposto estatal, de carácter indirecto, que recae sobre a entrega de residuos en vertedoiros, instalacións de incineración ou de coincineración para a súa eliminación ou valorización enerxética, cuxo rendemento se cede ás comunidades autónomas. O imposto aplicarase en todo o territorio español e na Comunidade Autónoma de Galicia será competente para a xestión, liquidación, recadación e inspección a Axencia Tributaria de Galicia. Cómpre, polo tanto, adaptar as ordes recadatorias e incluír este novo imposto nelas.

Mediante esta resolución modifícanse as ordes da consellería competente en materia de facenda que se relacionan a seguir:

a) Orde do 21 de xuño de 2006 pola que se regulan procedementos de xestión recadatoria e a actuación das entidades colaboradoras.

b) Orde do 10 de decembro de 2019 pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas cuxa xestión ten atribuída a Axencia Tributaria de Galicia.

A disposición adicional segunda da primeira das ordes citadas habilita a persoa titular da Dirección da Atriga para actualizar, cando sexa preciso, mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia*, os anexos a esta orde co obxecto de mantelos adaptados á normativa aplicable. Cómpre actualizar os anexos I e IV da orde. O anexo I, que recolle os modelos de ingreso de declaracións-liquidacións, autoliquidacións e de taxas, prezos e sancións vía telemática, débese modificar para incluír o modelo do Idires, e o anexo IV porque recolle os deseños dos rexistros de ingresos coa información enviada polas entidades colaboradoras.

CVE-DOG: xuz7jhy3-hds2-abd9-st61-ihwfficqsr49



A disposición adicional da segunda das ordes habilita a persoa titular da Dirección da Atriga para actualizar, cando sexa preciso, mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia*, os anexos a esta orde co obxecto de mantelos adaptados á normativa aplicable. O Idires é un imposto de autoliquidación electrónica obrigatoria e cuxo importe, polo tanto, poderá ser domiciliado consonte o establecido na orde. O seu anexo contén a relación de modelos de autoliquidacións cuxo ingreso pode ser domiciliado a través das entidades colaboradoras da Atriga, polo que cómpre incluír nel o modelo 593.

Por todo iso, e en virtude da disposición adicional segunda da Orde do 21 de xuño de 2006 e da disposición adicional da Orde do 10 de decembro de 2019,

#### RESOLVO:

Primeiro. Modificación da Orde do 21 de xuño de 2006 pola que se regulan procedementos de xestión recadatoria e a actuación das entidades colaboradoras.

Introdúcense as seguintes modificacións nos anexos I e IV da Orde do 21 de xuño de 2006 pola que se regulan procedementos de xestión recadatoria e a actuación das entidades colaboradoras:

Un. Engádesse no anexo I, de maneira que se insira no lugar que lle corresponda segundo a orde numérica preestablecida, o novo modelo de ingreso da autoliquidación do Idires, coa seguinte redacción:

«593-IMPOSTO SOBRE O DEPÓSITO DE RESIDUOS EN VERTEDOIROS, A INCINERACIÓN E A COINCINERACIÓN DE RESIDUOS. AUTOLIQUIDACIÓN».

Dous. Modifícase no anexo IV a descrición das posicións 20-22 do deseño do rexistro do detalle de autoliquidacións (tipo 3), engadindo, de maneira que se insira no lugar que lle corresponda segundo a orde numérica preestablecida o novo modelo de ingreso da autoliquidación do Idires, coa seguinte redacción:

«Modelo 593-IMPOSTO SOBRE O DEPÓSITO DE RESIDUOS EN VERTEDOIROS, A INCINERACIÓN E A COINCINERACIÓN DE RESIDUOS. AUTOLIQUIDACIÓN».

Segundo. Modificación da Orde do 10 de decembro de 2019 pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas cuxa xestión ten atribuída a Axencia Tributaria de Galicia.

CVE-DOG: xuz7jhy3-hds2-abd9-st61-ihwfftcqsr49



Engádese no anexo I da Orde do 10 de decembro de 2019 pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas cuxa xestión ten atribuída a Axencia Tributaria de Galicia, de maneira que se insira no lugar que lle corresponda segundo a orde numérica preestablecida, o novo modelo de ingreso da autoliquidación do Idires, coa seguinte redacción:

«Modelo 593. Modelo de autoliquidación do imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente resolución entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2023.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2022

M<sup>a</sup> Victoria González Vázquez  
Directora da Axencia Tributaria de Galicia

CVE-DOG: xuz7jhy3-hds2-abd9-st61-ihwfftcqsr49

